

ESPECIAL ARTE

*Antón Abreu Bastos, desde
Matamá a Vilaza, por
Alfonso Soliño Troncoso*

Antón Abreu Bastos, dende Matamá a Vilaza

Alfonso Soliño Troncoso

Coñecín a Antón Abreu circunstancialmente alá polo ano 1986 na súa casa de Vilaza, como consecuencia da actualización do censo de poboación de Gondomar. A relación foi momentánea, a precisa para a toma de datos necesaria, pero suficiente como para que me comentase que el e a súa dona Elsa eran pintores. Dende aquél 1986 ata este 2004 non tiven máis trato, agás o cruce esporádico tomando algúm café no Venecia de Gondomar, o cal me permitiu saber do seu estar tranquilo e educado. Xa entón oía dicir que era unha persoa de talante amable.

Quixo o destino que neste ano 2004 nos volvésemos a atopar. A razón sería a organización dunha mostra de pintura/escultura que eu tiven a obriga e o pracer de coorganizar: a QUAEVISA PLACENT, que se celebrou en Gondomar no xullo pasado. O primeiro contacto co artista foi pracenteiro, agradable e sorprendente, incluso emotivo: Antón recoñeceume e preguntoume polos meus pais e como lles fora a colleita de albariño do ano pasado; por suposto, respondinlle a verdade: ¡moi bo!.

Logo de falarmos un pouco de cousas cotiás, achegouse Elsa e, xuntos, comezamos unha conversa animada, pero xa centrada no artístico. Seguíase notando o trato amable dos dous, o acento bonaerense dela, a plática galega del. Expostas as intencións e acadado o compromiso da súa participación agasalloume cunha mostra de parte da súa obra e, ao tempo, criticaba que non realizasen eventos desta índole en Gondomar cando el mesmo ofrecera a súa participación desinteresada.

A primeira observación dunha cativa parte da súa obra deixoume dubidoso. A posterior, detallada e demorada, dunha ampla mostra da súa producción artística, fixome sentir emocións como sempre que se observa unha obra creativa. A pintura de Abreu nace na figuración expresionista e vaise transformando nunca etapa abstracta suavizada nas formas e nas cores con predominio dos azuis, marellos e verdes fundamentalmente; tamén brancos. Deixa o forte cromatismo inicial e expresa unha pintura de ensoñacións, de transparencias, modulacións delicadas, representacións amorfas e paisaxes ideadas que nacen dese mundo onírico. Antón Abreu representa a súa terra galega cunha fonda sensibilidade, moldea as pedras e a paisaxe... idealizaas de tal xeito que chega a crear unha pintura cun grande poder comunicador. Dominador do debuxo e da cor e inicialmente influído pola xa comentada figuración expresionista da pintura mexicana e logo de certos achegamentos á plástica de Luís Seoane ou do propio Laxeiro, vai andar camiño e culminar nun modo de expresión persoal que eu definiría como onírico-abstracto.

Aquel día do primeiro contacto, Antón quedaba con Elsa a ler nun recuncho da súa finca de Vilaza, gozando da sombra, da tranquilidade, da lectura, do pracer de prestar a súa obra e de poder compartir emocións coas xentes. Eu sentín que se me achegaba unha man amiga.

Unha man amiga de longo percorrido iniciado na parroquia viguesa de Matamá o catro de agosto de 1927. Realizou estudos na Escola de Artes e Oficios da cidade da oliveira e con vinte anos toma a dirección de milleiros de persoas na procura dunhas mellores condicións vitais e emigra á Arxentina, iso si, despois dun acto de absoluta rebeldía declarándose desertor do exército. En Bos Aires afondará na súa formación artística, á beira de Demetrio Urruchúa, e tamén no seu compromiso afiliándose ao Partido Comunista, do que será apartado anos máis tarde polo seu espírito inconformista. O compromiso político de esquerdas provocará a súa detención xunto con outras destacadas figuras da vida política e social bonaerense en 1952. Ao ano seguinte casa coa compañeira de estudos Elsa Pérez Vicente.

A mediados dos cincuenta entra en contacto cos círculos intelectuais galegos en Bos Aires e comeza as súas relacóns con Luís Seoane, Laxeiro, Blanco Amor, etc. Nesa altura vai ser elixido para a xunta directiva da Sociedad Argentina de Artistas Plásticos.

En 1959, na compañía da súa esposa Elsa Pérez Vicente, fundará a Escola de Belas Artes "Divisadero", da que será profesor e director ata que as presións políticas o obligarán a abandonar a dirección da Escola en 1968.

No 1961 recibe a Primeira Mención de gravado no Salón do Mar del Plata e o Premio a Etranxeiros de gravado no Salón Nacional (Arxentina). No 1962 recibe o Premio a Etranxeiros (pintura) e no 64 o Premio de Honra de pintura no Salón do Mar del Plata e o Segundo Premio de debuxo no Salón do Mar del Plata (Arxentina).

Na primeira metade dos setenta participa en moitas exposicións colectivas e realiza diversas individuais, mentres traballa realizando ilustracións para distintas editoriais.

No 1975 regresa a Galicia empurrado polas duras circunstancias da dictadura militar arxentina e ilusionado polo abrente que se anuncia coa avanzada idade de Franco.

No 77 recibe a terceira medalla do Salón de Outono de Madrid e no 79 a segunda medalla da Bienal de Pontevedra. Nos anos seguintes prodúcese o reencontro e a integración na cultura do país e participa nas máis importantes exposicións plásticas que se producen, ao tempo que establece o seu obradoiro e a súa vivenda na parroquia gondomareña de Vilaza.


En 1992 foi recoñecido como Vigués Distinguido e desde 1996 é asesor do Museo Municipal Quiñones de León (Castrelos, Vigo). No 2001 outorgóuselle a Medalla de Galicia polos seus méritos artísticos.

Dende as páxinas da Revista de Estudios Miñoranos queremos ofrecer unha perspectiva da obra do noso veciño Antón Abreu nesta breve selección, necesariamente condicionada polas características técnicas de edición desta revista.



s/l. 1958
tinta / papel
20 x 13,5 cm.
colección do autor

abreu, Bastos, 1958



Antón Abreu Bastos
1952

s/l, 1952
tinta / papel
20 x 13,5 cm.
colección do autor




abreuBastos
1958

s/t, 1958
tinta / papel
20 x 13,5 cm.
colección do autor




S/l, 1958
tinta / papel
20 x 13,5 cm.
colección do autor



s/l, 1966
tinta e lápis com tén / papel
34 x 45 cm.
colección do autor



s/l, 1959
témpera / cartón
50 x 31,5 cm.
colección do autor



s/l, 1954
tinta / papel
45 x 34 cm.
colección de
Lalo Vázquez Gil



s/l, 1983
tinta / papel
51 x 32,5 cm.
colección particular



s/t, 1968
lápiz comté / papel
50 x 34,5 cm.
colección do autor



Pescantina, 1970
mixta / papel
50 x 35 cm.
colección do autor

O QUE DE NÓS DIXERON

ABaiona de Ruth Matilda Anderson. Apunte biográfico, traducción e notas, por Rosana Estévez

